

ACTA DO TRIBUNAL PARA A VALORACIÓN DO 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, EDUCADOR/A INFANTIL

En Melide, a 18 de xaneiro de 2024, ás 10.00 horas, reúnense baixo a presidencia de M<sup>a</sup> José Rodríguez Gómez os seguintes integrantes do Tribunal que se constitúe para valorar o 1º exercicio da fase de oposición das aspirantes para a creación dunha bolsa de traballo/lista de reserva de un/unha funcionario/a interino/a, educador/a infantil.

Presidenta: M<sup>a</sup> José Rodríguez Gómez  
Secretario: Jesús Manuel Cea Vázquez  
Vogais: Mónica Vilariño Fociños  
Miriam Blanco Rodríguez  
Sylvia Cea Vázquez



A presidenta declara constituído o Tribunal e aberto o acto acórdase proceder á valoración do 1º exercicio da fase de oposición das aspirantes presentadas:

1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO/LISTA DE RESERVA DE UN/UNHA FUNCIONARIO/A INTERINO/A, EDUCADOR/A INFANTIL

O Tribunal á vista da base 8.1 das Bases da convocatoria formula a seguinte puntuación:

<b>Nombre e Apellidos</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
1. ELENA RAPOSO VARELA	5,33
2. ESTEFANÍA VIÑA GUERRA	4,33 non superado
3. MARÍA SÁNCHEZ MOSTEIRO	4,66 non superado
4. TAMARA MATO MELLA	5,66
5. BELÉN MÉNDEZ FERNÁNDEZ	Non presentada
6. BÁRBARA FRAGA ENRÍQUEZ	6,33
7. YAIZA SEGADE GARCÍA	7
8. PAULA PORTO EIBE	Non presentada
9. MARGARITA LÓPEZ SANDE	6,33
10. LAURA CASAIS BLANCO	Non presentada
11. LOLA PARDAVILA GÓMEZ	Non presentada
12. OLGA FERNÁNDEZ FERREIRO	Non presentada
13. ANA BELÉN SEJO ROEL	6,33
14. MARÍA CASTRO FERNÁNDEZ	7,33

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado o acto, convócase ao Tribunal e ás aspirantes para a realización do 2º exercicio da fase de oposición e posterior lectura do mesmo no **EDIFICIO MULTIUSOS DO CONCELLO DE MELIDE** o venres **día 19 de xaneiro de 2024 ás 9.00 horas**, dispoñendo a presidenta que se redacte a presente acta que asinan os membros do Tribunal ás 12:00 h, do que eu, **SECRETARIO**, certifíco.

Melide, 18 de xaneiro de 2024

O Tribunal

O Tribunal

## **ANEXO**

### **1º EXERCICIO FASE DE OPOSICIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA EDUCADOR/A INFANTIL**

**1.- No padrón de habitantes non debe constar información referida a:**

- a) Sexo.
- b) Lugar e data de nacemento
- c) Debe figurar todo o anterior.

**2.- As ordenanzas locais que se aproban no pleno requiren información pública e audiencia aos interesados para a presentación de reclamacións e suxestións por un prazo de:**

- a) Máximo 30 días.
- b) Mínimo 30 días.
- c) Máximo 20 días.

**3.- Que tipo de competencias poden asumir as comunidades autónomas segundo o artigo 148 da Constitución española.**

- a) Estraneiría e dereito de asilo.
- b) Nacionalidade e inmigración.
- c) Sanidade e hixiene.

**4.- Que norma regula o Estatuto de Autonomía de Galicia?**

- a) O Decreto Lexislativo 1/1981.
- b) Un decreto da Deputación.
- c) A Lei Orgánica 1/1981.

**5.- As principais técnicas de avaliação no primeiro ciclo de Educación Infantil, serán...**

- a) A observación directa, sistemática e parcial.
- b) As entrevistas coa familia e a observación directa.
- c) As entrevistas coa familia e a observación directa e sistemática.

**6.- O vínculo ou apego:**

- a) Ten unha importancia para o desenvolvimento biolóxico do neno e da nena.
- b) É básico para o correcto desenvolvimento da personalidade do neno e da nena.
- c) Posúe unha relativa importancia para o desenvolvimento do menor.

**7.- Un neno de 2 anos e medio non quere lavarse as mans antes de comer, o seu titor/a, para intentar modificar a súa conduta, comeza a axudar a outra nena a lavarse as mans e acompañao dun discurso sobre o ben que o está facendo, mentres o neno que non quere lavar as mans observa. Con esta acción, que técnica de modificación de conduta estamos empregando?**

- a) Premark.
- b) Modelado.
- c) Moldeamento.

**8.- Cal é unha das intelixencias na clasificación de Gardner?**

- a) Intelixencia lingüístico-verbal.
- b) Intelixencia dinámica.
- c) Intelixencia extrapersonal.

**9.- Organizar o traballo do persoal educativo nunha escola infantil mediante “parella educativa”, supón:**

- a) Que dous profesionais cualificados, traballarán en cada unha das aulas, cumprindo un deles a función de titor/a.
- b) Que dous profesionais cualificados, traballarán en cada unha das aulas, asumindo diferentes funcións de xeito independente.

c) Que dous profesionais cualificados, traballarán en cada unha das aulas, cumprindo ambos/as a función de titor/a.

**10.- Cal é a finalidade prioritaria das escolas infantís de 0 a 3 anos?**

- a) Desenvolver a atención educativa e asistencial establecida para este tramo de idade.
- b) Desenvolver a intelixencia para este tramo de idade.
- c) Adquirir unhas aprendizaxes acordes a súa idade e nivel de desenvolvemento.

11.- No sistema Piagetano, a intelixencia, independentemente do seu contido e nivel de desenvolvemento, definese por dous aspectos independentes, estes son:

- a) Organización e Asimilación.
- b) Asimilación e Adaptación.
- c) Organización e Adaptación.

**12.-Que debemos fazer ante un/unha neno/a que sofre un espasmo do sollozo(salouco)?**

- a) Manter a calma e agardar, resólvese só.
- b) Manter a calma, poñerse diante e soprarlle para que reaccione.
- c) Dar 5 golpes contundentes nas costas para que comece a respirar.

**13.- A secuencia de accións no control de esfínteres é:**

- a) Introducir o penico, retirada do cueiro e paso ao inodoro.
- b) Retirada do cueiro, introducir o penico e paso ao inodoro.
- c) Introducir o penico, paso ao inodoro e retirada do cueiro.

**14.- Cando un/unha neno/a de 18-24 meses morde a outro/a, débese:**

- a) Á exposición das súas estratexias de defensa.
- b) Forma parte das propias relacións sociais.
- c) Á exposición do/a outro/a como alguén diferente a el/ela.

15.- A teoría que afirma que a adquisición da linguaxe e a aprendizaxe cognitiva desenvólvese de xeito conxunto é de:

- a) Piaget
- b) Vygotsky
- c) Chomsky

**16.- O construtivismo concibe a aprendizaxe como:**

- a) A creación de significado a partir das propias experiencias e do nivel de maduración.
- b) O resultado da asociación estímulo-resposta prodúcese por interacción do reforzo.
- c) É un proceso de desenvolvemento espontáneo e singular das potencialidades de cada suxeito.

17.- Cando se usa a linguaxe para obter diferentes funcións e obxectivos, segundo o contexto no que se utiliza, coñécese como o uso da linguaxe:

- a) Social
- b) Semántico
- c) Pragmático

**18.- No xogo simbólico...**

- a) Canto máis estruturado sexa un xoguete máis posibilidade de xogos ofrecerá ao neno/a.
- b) A actividade lúdica permite ao neno/a adaptarse á realidade e acomodala as súas necesidades.
- c) Débenos preocupar que o/a neno/a xogue cun/cunha amiga/a imaxinario/a.

**19.- A adaptación nunha Escola Infantil soe seguir as fases de...**

- a) Ambivalencia, apego e adaptación.
- b) Protesta, ambivalencia e adaptación.
- c) Tristeza, alegria e adaptación.

**20.- A pedagogía Waldorf, é un sistema educativo orixinado nas concepcións de:**

- a) Célestine Freinet.
- b) Rudolf Steiner.
- c) Loris Malaguzzi.

**21.- No desenvolvemento da linguaxe, a repetición de pequenas cancións con sons parecidos e xesticulando simultáneamente, é unha actividade que estimula o nivel:**

- a) Fonolóxico.
- b) Sintáctico.
- c) De producción.

**22.- Os pais dunha alumna da túa titoría autorizan á Escola Infantil a sacar e publicar imáxenes da súa filla na web desta. No curso seguinte, revocan dita autorización. Atendendo ao Protocolo de Protección de Datos Persoais; como debemos proceder?**

- a) Retirar todas as imaxes publicadas ata ese momento e non publicar máis.
- b) As imaxes publicadas con anterioridade á data de revocación poden continuar na web, non podendo engadir ningunha nova.
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

**23.- Unha das estratexias fundamentais para traballar a resolución de conflitos na aula é:**

- a) Restar importancia ao conflito e buscar unha solución rápida.
- b) Traballar a intelixencia emocional dos/das nenos/as.
- c) Evitar o uso da mediación en idades temperás.

**24.- Os centros que imparten o primeiro ciclo de Educación Infantil terán o seguinte número máximo de alumnado por unidade:**

- a) 8 nas unidades para alumnado menor de 12 meses.
- b) 10 nos grupos formados por alumnado de ata 24 meses.
- c) Todas as anteriores son correctas.

**25.- Cal destes transtornos cres que se pode orixinar por unha mala hixiene no/-a neno/-a?**

- a) Varicela
- b) Muguet
- c) Rubéola

**26.- Para hixienizar ou limpar un espazo educativo que método utilizarías?**

- a) Xeradores de ozono para obter unha mellor calidade do aire.
- b) Aerosoles con produtos químicos moi potentes para poder eliminar xermes e bacterias.
- c) Un sistema húmido para limpar o po e apertura de ventás para eliminar partículas nocivas.

**27.- Que factores inflúen na alimentación dos/-as nenos/-as.**

- a) Factores educativos e sociais.
- b) Factores psicolóxicos e económicos.
- c) As dúas respuestas son correctas.

**28.- Que pauta seguirías na alimentación do/-a neno/-a para que tivese unha dieta equilibrada?**

- a) Aportarías alimentos reguladores.
- b) Distribuirías os alimentos en catro comidas.
- c) Só lle darías tres comidas ao día.

**29.- Quen creou o cesto dos tesouros?**

- a) Elinor Goldschmid.
- b) Loris Malaguzzi.
- c) Amadeus Iriakus.

**30.- Cal non é un principio DUA?**

- a) Proporcionar múltiples formas de implicación.
- b) Proporcionar múltiples formas de recoñecemento.
- c) Proporcionar múltiples formas de expresión e estratexia

#### RESERVAS

**1.- Entre as competencias en materia de contabilidade que ten o pleno da entidade local. Cal destacarías?**

- a) Aprobación da liquidación do orzamento.
- b) Aprobación da conta xeral da entidade.
- c) As dúas respuestas son correctas.

**2.- Que un/unha neno/a teña un atraso madurativo, supón:**

- a) Que hai un atraso moi desigual en todas as áreas.
- b) Que existe a posibilidade de que co crecemento do/a neno/a e unha estimulación axeitada este se vaia superando.
- c) Que non existe a posibilidade de que o atraso se vaia afianzando e confirmando co tempo se se lle da unha boa estimulación.

**3.- Cal das seguintes afirmación non é correcta?**

- a) Os aspectos afectivos e relacionais son de especial relevancia en Educación Infantil.
- b) A aprendizaxe significativa é unha aprendizaxe persoal e individual do/a neno/a, froito das súas experiencias previas, no que non intervén o/a mestre/a.
- c) A globalización implica a organización do coñecemento atendendo ao interese do/a neno/a e o seu desenvolvemento psicolóxico de xeito non fragmentado.